



CAMPO DE VOLUNTARIADO "CASTRO DE MONTES CLAROS" (A LARACHA-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
3-14/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e arqueolóxico	15

LOCALIZACIÓN

A Laracha é un concello coruñés da comarca de Bergantiños. Limita ao oeste co concello de Carballo. Polo sur limita con Cerceda e, polo norte, ten unha marabillosa saída ao mar pola península de Caión.



DESCRICIÓN DO CAMPO

O xacemento arqueolóxico dos Montes Claros é un castro ártabre fortificado. Os participantes coñecerán a cultura castrexa e a forma de vida dos celtas galegos; e realizará tarefas auxiliares en colaboración coa campaña de escavación e restauración de estruturas arqueolóxicas que se realizarán no castro, implicándose na interpretación e respecto do patrimonio. As tarefas auxiliares previstas son as seguintes:

- Identificación de estruturas na vila fortificada; aprender a mirar e identificar paisaxes prehistóricas.
- Limpeza de maleza e xestas e recollida de residuos en zonas escavadas.
- Eliminación do rebrote de árbores e arbustos.
- Limpeza manual de muros de pedra cortando vexetación e evitando o arrincado das raíces. O campo tamén terá un enfoque ambiental, restaurando o medio natural e a paisaxe. O proxecto consistirá na localización e limpeza de afloramentos e tallas rupestres no alto do castro, poñendo en valor o rico folclore galego e a xeografía mítica das lendas prehistóricas.

Tomaranse medidas especiais para manter a biodiversidade animal e vexetal, evitando actuacións que perturben as especies nidificantes.

Os voluntarios serán incentivados e inculcados con respecto e interese por preservar e protexer sitios de interese arqueolóxico, ambiental, etnográfico e patrimonial.

Coñecemento da cultura galaico-romana e aproveitamento do carácter internacional do intercambio de lendas comúns a toda a prehistoria indoeuropea.

NOTA: *Este campo non é accesible para persoas con discapacidade física.*

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Actividades de aventura. Visita ao Ventoso.
- Obradoiros: sobre flora, fauna... do medio, sobre coñecementos sobre a vida nos castros, sobre debuxo arqueolóxico.
- Xogos deportivos.
- Rutas de sendeirismo: pola ruta do río Anllóns, pola do río Bradoso, rutas BTT, etc.
- Rutas arqueolóxicas e patrimoniais: visita a outros xacementos arqueolóxicos do municipio. Visita a Santiago de Compostela.
- Rutas de fin de semana: Dolmen de Dombate, Castro de Borneiro e/ou estación de arte rupestre de Corme. Visita a Fisterra. Torre de Hércules
- Colección de lendas e historias que acompañan a estes castros da zona.



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Centro sociocultural de Santa Margarida de Montemaior (Lugar de Santa Margarita, s/n, Montemaior) o cal se coñece comunmente como o antigo Hospital dos Peregrinos.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

2 de agosto, a partir das 16:00 horas no Concello da Laracha (Avda. de Fisterra, s/n). O curso rematará o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

Para desprazarse dende A Coruña ata A Laracha por estrada: www.arriva.gal



Desde Compostela, a viaxe ata A Laracha debe realizarse pola Coruña, en tren ou en autobús con www.monbus.es ou www.alsa.es

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo.



- Roupas: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Tódalas persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todalas persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

